

‘Melide de tapas’ atrae centos de vistantes á vila



MELIDE

Cea e a xunta de goberno local denunciados polo caso da depuradora P9

COMARCA

Visantoña mobilizárase para acadar a reforma do vial a Melide P13

CULTURA

Charamela fará unha xornada sobre a relación entre mozos e maiores P17

ENTREVISTA



Manuel Pérez, Distribucións O Carrizo

“A garantía do que vendo é que sempre o proba antes no meu negocio” P22

Preto de 3.000 persoas probaron os petiscos presentados á I Ruta ‘Melide de Tapas’ -organizada por Ase-tem-Cca-, que se celebrou durante as catro fins de semana de xuño. O premio á mellor tapa foi para o

pulpo á grella con queixo de Arzúa-Ulloa da Pulpería Alongos II. Os callos á galega da Adega Mandil obtiveron o galardón á tapa tradicional e as empanadillas de pulpo do Bar Principal á tapa innovadora. P4 e 5

Periga a aprobación inicial do PXOM nesta lexislatura



O goberno local decidirá se “convén ou non” dar o visto bo ó plan en época de precampaña para as eleccións municipais de maio de 2011. P9

Máis de 8.800 peregrinos xa pernoctaron en Melide



No primeiro semestre do Ano Santo foron máis de 8.800 os peregrinos que durmiron no albergue da vila, a pesar de estar en condicións provisionais. P18

Editorial

Loitar contra a resignación

Para resolver unha situación complicada, sexa do calado que sexa, os expertos recomentan facer unha relación de pros e contras. Hai ocasións en que pode ser máis produtivo realizar unha tormenta de ideas para obter propostas en claro. O esencial é activar os elementos e actuar. Aí está a clave, en non deixar que o devir dos acontecementos nos supere e faga que deixemos pasar o momento xusto no que é preciso dar un paso adiante.

Agora mesmo percibimos unha sensación colectiva de desánimo, de resignación, de conformidade coa situación que estamos a vivir. Parece que a crise nos deixa sen forzas. Unha situación que, por unha parte é lóxica. Vivimos no tempo da globalización e da sociedade da información. Quizais sexa un exceso de información o que nos provoca ese estado de aletargamento, debido ó continuo bombardeo ó que estamos sometidos a diario. A crise entrou nos nosos fogares e, incluso, nas nosas mentes.

Non queremos falar agora do ámbito estatal, nin autonómico, senón do comarcal e local. Os círculos onde se tecen os verdadeiros acontecementos vitais das persoas. O que temos máis preto é o que máis nos importa, o que máis nos inflúe e no que a maioría de nós participamos activamente. Aí tamén está presente a crise. Nas conversas que temos coa familia, cos amigos, cos ve-



ciños. Na paisaxe que día a día temos ante nós, onde se multiplican os carteis de 'liquidación por peche'. Na situación laboral de cada un de nós.

Estamos convencidos de que non podemos quedarnos quietos, de que hai que actuar. É agora cando hai que pensar en ideas, proxectos, propostas para facer fronte a esta situación. Din que os grandes avances da historia da humanidade se xestaron en época de crise. Pero non nos referimos a solucións integrais e a gran escala, senón a esas pequenas cousas que poden cambiar o noso día a día. Por iso nos doe que, dende determinados ámbitos que ostentan un poder de actuación superior ó que ten esta asociación de

empresarios, non exista un compromiso de actuación conxunta. Creamos que é o momento no que a palabra 'unión' se debe impor para conseguir obxectivos concretos, que nos axuden a todos a mellorar. A alianza das forzas vivas que teñen capacidade de actuación no contorno local debe ser o camiño para facer pobos acordes ás necesidades dos seus veciños en cada momento.

Sentímonos un pouco decepcionados ó apostar por algo que viamos como unha boa oportunidade. Non comprendemos como os representantes dos veciños se amosan paralizados e resignados ante a actual situación. Nós seguiremos apostando por actuar, porque agora é o momento.

Tribuna de opinión

Un bo traballo

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Para todo hai unha primeira vez. O pasado mes de xuño vivimos a primeira vez para unha iniciativa novidosa na comarca de Melide. O primeiro concurso de tapas da vila celebrouse ó longo das catro fins de semana do mes. Xa coñecemos ós gañadores, tanto ós hostaleiros -ós que queremos dar a noraboa polo seu esforzo-, coma ó público agraciado cos agasallos que se sortearon.

Varios centos de persoas participaron no concurso, degustando os petiscos que se dispuxeron nunha ducia de bares. Moitos deles foron melidenses, pero tamén houbo visitantes e, incluso peregrinos, que quedaron abraídos coa variedade de sabores que se congregaban nesta iniciativa. Todos aplaudiron o feito de que as tapas foran gratis. Dende aquí queremos recalcar que foi unha decisión dos propios hostaleiros, que puxeron toda a carne no asador para acadar o maior éxito desta proposta de ocio.

Alégranos ver a cara de satisfacción dos hostaleiros e as súas

verbas de recoñecemento a esta idea. Gústanos saber que fixemos algo realmente proveitoso e que tódalas partes que participaron para facela realidade -Asetem-Cca, responsables de coordinación do concurso, hostaleiros e público- quedaron contentos. Como escoitamos en boca da totalidade dos participantes, "pagou a pena todo o esforzo" que se prolongou durante un mes para saber que as boas ideas tamén teñen unha boa acollida en toda a vila.

Mais como en tódalas primeiras veces sempre hai cousas que se poden mellorar. Din que a experiencia é un grao, e no caso que nos ocupa non existía ningún precedente. Intentouse recabar tódalas opinións posibles para que o evento saíra a gusto de todos, pero xa se sabe que isto case nunca é factible.

Á vista dos resultados, Asetem-Cca seguirá volcándose en actividades que consigan atraer visitantes á comarca e dinamizar a economía da zona.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Asociación de Troiteiros 'Río Furelos', Xosé Domingos Fuciños, Santiago Prado Conde, David Barrio Sesto

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	12
-CULTURA E LECER.....	16
-COLABORACIÓNS.....	19
-AXENDA.....	21
-ENTREVISTA.....	22
-AS NOSAS PAISAXES.....	23
-DIRECTORIO.....	24

A tempada de rebaixas comeza con notables descontos e a incertidume da suba do IVE

As reducións xa acadan o 50% nas primeiras semanas da campaña

A chegada do verán trae consigo a segunda época de rebaixas do ano. Nesta ocasión, os descontos coinciden coa suba do Imposto do Valor Engadido (IVE) -en dous puntos para os tipos xeral e reducido- que comezou o 1 de xullo. Unha situación que preocupa tanto a comerciantes como a consumidores.

Nas primeiras semanas de rebaixas, o comercio de Melide anuncia descontos que van dende o 20% ata o 50%. Prevese que a medida que avance a temporada, as reducións sexan máis elevadas e poidan chegar a acadar o 70%.

Con todo, os comerciantes non son moi optimistas de cara a esta campaña de verán, ó ver que se reducen os gastos das familias. Segundo a Federación de Usuarios Consumidores Independientes, o gasto medio de cada galego nestas rebaixas caerá un 28%, ó pasar



A maioría de comercios de textil de Melide xa iniciaron a tempada de rebaixas

dos 81 euros do ano pasado ós 58 previstos para esta tempada.

Afluencia dispar

Dende que comezaron as rebaixas, o 1 de xullo, a afluencia de clientela é dispar para os comerciantes. Hai quen di que

o bo tempo anima a saír á xente á rúa e mercar. "Páranse a mirar máis os escaparates e nalgo sempre pican", comentan. Aínda que outros aseguran que é precisamente as boas condicións meteorolóxicas destes días as que desvían a preferencia do público a rea-

lizar actividades propias do verán.

Reparto de cartelería

Asetem-Cca reparte entre os seus socios comerciantes os carteis oficiais que a Federación Galega de Comercio des-
eña para o período de

rebaixas, sen cargo algún.

Os interesados poden pasar a recollelos nas oficinas da asociación, na rúa Lino Sexto Sánchez en horario de 8.30 a 13.00 horas.

Recomendacións

Entre as recomendacións que as organizacións de consumidores fan para os períodos de rebaixas destaca a de planificar as compras con antelación para levar feita unha previsión do gasto.

Recordan que se debe gardar sempre o xustificante da compra, posto que é a única garantía que o cliente ten ante unha posible devolución ou cambio do produto. Na etiquetaxe debe aparecer o prezo con desconto e o anterior.

En canto ós propios comerciantes, a Federación Galega de Comercio recorda que o período de rebaixas poderá ser fixado libremente por cada propietario entre o 1 de xullo e o 30 de setembro (ambos incluídos), debendo ser durante un período contínuo de como mínimo unha semana e como máximo dous meses. A normativa establece que non poderán ser obxecto de rebaixa os produtos deteriorados ou adquiridos para tal finalidade.

Os comerciantes xa traballan sobre o Mercamelide de verán

Os comerciantes de Melide reuníronse recentemente co concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, para abordar o calendario da edición de verán de Mercamelide. Finalmente decidiuse que o outlet se celebrará os días 7 e 8 de agosto, coincidindo tamén coa celebración da Feira do Libro. Díaz explicou que a elección destas datas responde á demanda dos propios comerciantes, que prefiren celebrar a feira a comezos de mes e antes das festas de San Roque debido á situación de crise económica que atravesa o sector actualmente.

Respecto do número de fir-

mas que se darán cita no Pazo de Congresos, o concelleiro amósase confiado en que a cifra aumente en relación coas 30 que se apuntaron na anterior edición. A día de hoxe, o departamento traballa na confirmación de asistencia destes establecementos e para finais de xullo, Díaz xa conta con ter instalados tódolos stands no recinto feiral.

En próximas datas, tamén se reunirá unha comisión para comezar coas accións promocionais e plantexar a celebración dun sorteo de varios lotes de produtos cedidos polos participantes na feira. O edil cre que se volverá repetir a inicia-

tiva que se puxo en marcha no anterior Mercamelide, pero desta vez os produtos serán unicamente os que aporten os comerciantes e o Concello encargárase de facer as rifas para o sorteo. Queda por decidir se se repartirá un único premio ou se dividirá en partes, para que os clientes do outlet teñan máis posibilidades de conseguilo.

No encontro entre comerciantes e Concello abordáronse os cambios que plantexa a futura Lei de Comercio de Galicia -que aínda non comezou a tramitación parlamentaria- en canto á celebración de feiras de oportunidades.

Anuncia a festa da túa aldea no Cerne

Prezos especiais para comisións

Infórmate no 981506188

info@asetem.com

Preto de 3.000 persoas probaron os petiscos da ruta 'Melide de tapas'

A Pulpería Alongos II, a Adega Mandil e o Bar Principal foron os locais premiados

Case 3.000 persoas outorgaron o seu voto ás tapas participantes na I Ruta 'Melide de Tapas', que organizou a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca). Ó longo das catro fins de semana do mes de xuño centos de persoas achegáronse a degustar as doce tapas que se presentaron ó concurso.

Os hostaleiros valoraron "moi positivamente" a iniciativa, que se desenvolvía por primeira vez en Melide, xa que conseguiu atraer un importante número de clientes. Participou moita xente da vila e moitos visitantes. Melidenses, peregrinos e xente que se atopaba de paso probaron as variadas creacións gastronómicas. Os propieta-



Extracción da papeleta gañadora da estancia de fin de semana

rios dos locais concursantes constataron a fidelidade dos clientes, xa que moitos repetiron o percorrido as catro fins de semana.

Os premiados

O premio para a mellor tapa foi para o 'Pulpo á grella con queixo de Arzúa-Ulloa en salsa

de gambas' a Pulpería Alongos II, que tamén obtivo o recoñecemento á tapa feita con produtos galegos.

Na categoría de tapa tradicional resultou gañadora a de 'Callos á galega' da Adega Mandil e as 'Empanadillas de pulpo' do Bar Principal obtiveron o galardón á tapa innova-



dora.

Os resultados do concurso déronse a coñecer nun acto no que tamén se sortearon os premios correspondentes ó público, mediante o sistema de man inocente. Entre os cartóns de votación sorteouse unha fin de semana na casa de turismo rural O Fidalgo en A

Pontenova (Lugo), da que resultou gañador Jesús Moure, polo voto depositado na Pulpería Alongos II. O agraciado co televisor de 32 pulgadas, premio para as persoas que completaron o pasaporte cos doce selos, foi para Alberto Buján, veciño de Melide.

Valoración positiva

A presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, destaca a boa aceptación que tivo o concurso entre o público. "Os hostaleiros quedamos moi satisfeitos porque houbo bastante afluencia e o traballo que pasamos elaborando as tapas foi recompensado co recoñecemento dos clientes", afirmou. A iniciativa tamén foi ben recibida por parte de público, xa que "hai persoas que preguntan cando se fará a próxima ruta", comenta a presidenta de Asetem-Cca.

Valiño tamén resaltou a "gran variedade de tapas que se presentaron ao concurso, todas feitas con produtos de moi boa calidade", o que supuxo un atractivo para completar a ruta composta por unha ducia de locais.

OS GAÑADORES



Celia Casares, Pulpería Alongos II Premio á mellor tapa e á tapa elaborada con produtos galegos por: 'Pulpo á grella con queixo de Arzúa-Ulloa en salsa de gambas'

-O pulpo á grella tivo éxito á vista dos dous premios que obtivo

-Gustou moito. Creio que por ser unha tapa elaborada, diferente ós pinchos que se poñen habitualmente. A xente paladeaba tódolos ingredientes. Estamos satisfeitos por conseguir uns premios que cremos merecidos.

-Trátase dunha tapa cun traballado proceso de elaboración

-Primeiro hai que montar a pataca cocida, o queixo e a lámina de pulpo á grella. Logo bótaselle un rustrido de pimentón e, aparte, fixen gambas ó ajillo flambeadas con whisky. Logo ía todo xunto ó forno para que o queixo se gratinase.

-Unha mestura de produ-

tos típicos galegos

-Son todos produtos galegos de calidade. Ademais ía adornada cunha cabeza de langostino fresco e unha folla de loureiro. A combinación entre tódolos ingredientes resultaba moi agradable ó padal.

-A tapa ten a súa orixe ligada ó Camiño

-Un peregrino pediume un bocadillo de pulpo con queixo, algo que eu nunca probara. Gustoume a combinación de sabores e decidín presentala ó concurso engadíndolle outros ingredientes.

-Seguirá poñendo este pincho?

-O pulpo á grella queda como especialidade da casa, ó igual que o bocadillo de pulpo con queixo. Espero que a xente que probou a tapa volva ó

Alongos II para repetir.

-Tivo moita repercusión o concurso no seu negocio?

-Si. Tivo bastante éxito para ser a primeira vez que se fixo este tipo de concurso. Veu moita xente de Melide, clientes habituais e moita outra xente de fóra. O venres e sábado pola noite e o domingo pola mañá foron os horarios de máis afluencia.

-Esta decidida a participar para a próxima edición

-Farei un plato que xa preparo no meu local, con ternera ecolóxica. Espero que haxa máis locais que participen, que se involucren e presenten tapas elaboradas e de calidade. Os resultados repercuten no beneficio de todos e o público recoñece todo o traballo que hai detrás.



**Jesús Manuel Segade, Adega Mandil
Premio á tapa tradicional por:
‘Callos á galega’**

-Os callos da Adega Mandil son unha das señas de identidade do negocio

-Servímolos tódolos domingos dende que se fundou a Adega Mandil, por Manuel Segade e Carmen Vilar, o 14 de agosto de 1981.

-É unha tapa con historia

-Levamos poñéndoa case 29 anos, tódolos domingos sen fallar un só. E seguiremos facéndoo meu irmán Juan José e máis eu, mentres o negocio siga aberto.

-Sendo así xa non pensaría noutra tapa para presentala ó concurso

-Non. Como levamos tanto

tempo facéndoa xa non pensei en elaborar ningunha outra cousa. Ademais, vímola moi apropiada para optar á categoría de tapa tradicional.

-A pesar de que había moita competencia, conseguiron o premio

-Temos que darlle as gracias ós clientes e visitantes que lle outorgaron a súa puntuación coa que nos fixemos co premio.

-Os votos chegaron de clientes habituais e de forasteiros

-Foi un gran éxito de público, tivemos moita xente. Á parte da que xa temos habitualmente, entraron moitas per-

soas que nunca viñeran para probar a tapa.

-Como valora a posta en marcha desta iniciativa gastronómica?

-Foi moi positiva, quedamos contentos porque resultou moi atractiva para o público. Consideramos que hai aspectos que se poderían mellorar, pero tamén somos conscientes de que non pode saír todo perfecto porque foi a primeira vez que se fixo.

-Volvería repetir a experiencia?

-Si, sen dúbida. Porque é unha iniciativa beneficiosa para a hostelería e para todo o pobo.



**Paula Chico, Bar Principal
Premio á tapa innovadora por:
‘Empanadillas de pulpo’**

-Gañou o premio á tapa innovadora reinventando outra que xa servira anteriormente

-Antes poñía unha empanadilla de carne, pero parecíame algo moi sinxelo para presentar ó concurso. Optei polo pulpo, que é un produto tradicional e moi aceptado entre o público.

-Aínda así, pensou en varias alternativas para presentar ó concurso

-Ó principio pensei en facer un prato quente, pero ó final decidínme por algo que se poidera comer quente ou frío, e que non perdese as propiedades culinarias se se serve frío.

Ós clientes gustoulle moito.

-Volveraa poñer?

-Si, e máis agora que obtivo o premio. Quizais a volva facer para as festas do San Roque.

-Tivo moita afluencia de público no seu establecemento?

-Veu moita xente. Non agardaba que tivera esta repercusión. A xente estaba encantada coa idea. Á marxe dos premios para o público, moitos viñan para probar exclusivamente as tapas. Para moita xente da vila, que non acostuma a saír de viños, foi un aliciente que os animou a entrar en moitos locais.

-Tamén participou moita xente de fóra

-Houbo turistas e xente que estaba de paso, que se enteraron do concurso e decidíronse a participar aínda que non poideran completar a ruta.

-De celebrarse unha segunda edición, volvería participar?

-Si. Aínda que para min supón moita responsabilidade porque compaxino o traballo no bar cos estudos. Desta vez coincidíume en época de exames, pero decidín arriscarme porque vía que era unha iniciativa boa e puxen todo o empeño para que saíra ben e estar ó nivel dos outros locais.

**O teu comercio,
o teu xornal**

Organiza: CCA Melide

Colabora: XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

**O teu comercio,
o teu xornal**

**Cupón nº 5
Xullo 2010**

Organiza: CCA Melide

Colabora: XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

A Xunta destina 129 millóns ata 2013 para modernizar o pequeno comercio galego

O sector dá emprego a 110.000 persoas en toda a comunidade

A mellora da competitividade é unha das metas que persegue o Plan Ágora

Máis de 30 millóns de euros anuais durante catro exercicios. Son os fondos que destinará a Xunta para modernizar o pequeno comercio galego. O Plan Ágora Re-Comercia 2010-2013 foi deseñado polo Goberno autonómico como unha “ferramenta integral para contribuír ó progreso e á innovación do comercio de proximidade”, segundo explicou o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.

A presentación do programa, á que asistiu a xerente de Asetem-Cca, Pilar López, congregou a representantes das diversas asociacións de comerciantes de toda a comunidade, das cámaras de comercio galegas, concellos, deputacións e a responsables da Federación Galega de Comercio, entre outros. O acto estivo presidido polo presi-



De esquerda a dereita, Nava Castro, Javier Guerra, Núñez Feijóo e Marta Fernández

dente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que estivo acompañado pola conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás e pola directora xeral de Comercio, Nava Castro. O titular de Economía e Industria foi o encargado de explicar o plan ós diferentes representantes do sector.

Obxectivos

O documento presentado divide as actuacións en cinco grandes liñas, que contemplan a creación do Observatorio do Comercio e da Rede de Innovación do Comercio (Redic) - organismos cuxa creación xa estaba prevista na Lei do Comercio autonómica-, a mellora

da competitividade, a dinamización da actividade, a mellora do aprovisionamento das zonas rurais e a adecuación da estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas da comunidade.

Guerra avanzou que se van implantar subvencións dirixidas á mellora da xestión comercial e á incorporación de novas tecnoloxías da información e comunicación; así como axudas á profesionalización e ó fomento da cooperación empresarial.

“A mellora da competitividade, a formación cara á excelencia, a promoción da calidade, innovación e cerca-

nía serán os nosos principios de acción a curto, medio e longo prazo”, aseverou Guerra.

Atención ás peculiaridades

Núñez Feijóo comprometeuse a “atender as peculiaridades” de cada caso e subsector, independentemente da súa situación xeográfica ou volume de negocio. “Non teñen as mesmas necesidades os do litoral que os das pequenas localidades, ou os do interior que os das cidades”, exemplificou.

Neste senso, o plan proxecta “rescatar” o papel que tempos atrás xogaban os mercadillos regulados, os mercados municipais ou as prazas de abastos

para o ámbito rural. “Queremos recuperar ese potencial e revitalizar instalacións como os recintos feirais”, indicou Feijóo. Destacou a importancia do pequeno comercio, que “vertebra vilas e fixan poboación no rural” e subliñou o “compromiso social do comercio”, que é clave para a ordenación urbanística, o turismo e o patrimonio cultural.

No ámbito urbano, o proxecto aposta polo incremento da oferta comercial e a adaptación ás demandas dos turistas.

O titular da Xunta reclamou a “cooperación” dos axentes implicados para desenvolver o plan.

O sector en cifras

Na comunidade galega existen actualmente uns 45.000 comercios, que xeran máis de 110.000 empregos, o que representa o 13% da ocupación total e o 30,6% do tecido empresarial. A actividade do sector supón o 10% do produto interior bruto de Galicia.

Segundo datos da Xunta, a comunidade conta con 15,35 comercios por cada mil habitantes, o que supón unha das medias máis altas de España.

Trátase dun sector “estratéxico”, en palabras do presidente da Xunta, e é un dos que máis está a sufrir as consecuencias da crise económica. O pequeno comercio galego rematou o primeiro trimestre do 2010 con 900 establecementos menos debido á difícil situación económica.

Asetem reclama á ITV que amplíe os días de estancia das unidades na comarca

Tras varias reclamacións de usuarios de turismos e vehículos agrícolas relacionadas coas escasas datas nas que a Inspección Técnica de Vehículos (ITV) se despraza á comarca melidense, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) formulará unha petición formal á empresa encargada da xestión do servizo -Supervisión y Control- para demandar un aumento dos días de estancia das unidades

móviles na comarca, para evitar os desprazamentos a outros concellos máis lonxanos.

O período de permanencia das unidades móbiles adoita ser dunha semana, un prazo demasiado curto, para que todos os propietarios poidan pasar a revisión.

No caso de maquinaria agrícola as visitas da ITV reducíronse a dúas semanas en Melide e un só día no concello de Santiso, ó longo de 2010.

En Sobrado, a presanza da ITV de agrícolas tamén se limitou a unha soa semana e o concello de Toques non recibiu a visita da ITV. Para os meses de verán non está previsto chegar esta unidade á comarca, aínda que se agarda unha actualización do calendario de cara ós últimos meses do ano.

No caso dos vehículos lixeiros a ITV estará en Melide entre os días 15 e 21 de xullo e do 9 ao 17 de decembro.

Remata o prazo para solicitar as licencias para terrazas

O Concello de Melide prorrogará nuns 15 días o prazo para que os propietarios de establecementos hostaleiros soliciten licenza para as terrazas instaladas en dominio público.

A data oficial límite para solicitar o permiso foi o 30 de abril, pero á vista de que só o pediron a metade de locais, dende o Concello, xunto coa Policía Local, xa informaron ós propietarios da necesidade de obter este permiso.

O titular de Promoción Económica, Antonio Díaz, aposta porque “ningunha terraza quede sen autorización”. Nos casos nos que as dimensións das propias terrazas dificulten a circulación dos peóns provocando que entren nas estradas, o Concello delimitará visualmente o espazo que debe ocupar a terraza. Buscan xestionar estes elementos para lograr “a convivencia entre terrazas, peóns e vehículos”.

A patronal reclama ó Concello unha colaboración “estreita” co empresariado melidense

Demanda compromiso coa mellora de infraestruturas

A Xunta Directiva de Asetem-Cca mantivo un encontro coa alcaldesa de Melide, Socorro Cea, e co concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, o primeiro que manteñen ambas partes trala renovación da directiva a partir das eleccións celebradas en abril. Na reunión, os representantes do sector empresarial e comercial plantexaron a necesidade de manter unha “estreita” colaboración entre patronal e Concello, que repercutiría en beneficio de todo o pobo. Dende Asetem-Cca reitouse a solicitude de levar a cabo reunións máis a miúdo para abordar diferentes cuestións de interese para o empresariado e ter información de primeira man respecto das actuacións que desenvolve o concello neste ámbito.

Pola súa banda, a rexedora municipal falou da existencia dun compromiso por parte do actual grupo de goberno para manter unha relación fluída coa asociación e ter encontros periódicos.

Neste sentido, as dúas partes fixaron o próximo encontro para o vindeiro mes de setembro, á marxe dunha reunión á que serán convocados os empresarios xunto co sector da hostelería a finais de xullo para tratar a celebración das



No centro da fotografía, Valiño, Cea e Díaz

festas do San Roque.

Infraestruturas da zona

Tal e como fora solicitado polos asociados na asemblea xeral ordinaria do pasado 20 de maio, a directiva de Asetem-Cca reclamou ó Concello unha maior implicación na mellora das infraestruturas viarias da comarca, en concreto do viario Melide-Visantón e Melide-Sobrado.

Cea indicou que nestes momentos estase priorizando a carretera que une a vila coas parroquias de Santiso por ser “unha demanda histórica”.

Ademais, os directivos de Asetem-Cca insistiron na necesidade de realizar cambios

no sentido de circulación nas rúas máis céntricas da localidade, co fin de facilitar a chegada á zona do Cantón de San Roque ós vehículos que se acheguen dende calquera das entradas á vila.

A alcaldesa avanzou que a Policía Local traballa nun plan para reestruturar a circulación desas rúas, nas que a tendencia será a habilitalas como de circulación en sentido único.

No encontro tamén se abordou a situación actual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), a celebración da edición de verán do Mercame-lide ou o apoio do Concello a solicitar un aumento das datas nas estancias da ITV na zona.

Casa Alongos reúne a expertos enólogos para avaliar os viños galegos



Manuel do Campo e Tood Blomberg nun momento da cata

Baixo o lema de ‘Enoloxía natural ao alcance de todos’ varios expertos na materia analizaron en Melide as particularidades dos viños galegos. O acto foi organizado polos propietarios da distribuidora local Casa Alongos, Concepción Casares e Francisco Lurgis, coa intención de “achegar a viticultura aos melidenses”. Buscaban “facer asequible unha cata a un público non experto, algo diferenciado”, indica Concepción.

Interviñeron Manuel do Campo, viticultor ecolóxico e propietario de Adegas do Campo Gacio, e Todd Blomberg, experto en viticultura biodinámica e ecolóxica e propietario de Adegas Benito Santos. Ámbolos dous falan sobre as características dos viños galegos e situáronos como “únicos no mundo”.

A exposición de Do Campo centrouse nas pautas para recoñecer un bo viño e nos aspectos clave dos caldos galegos, entre os que destacou a acidez. Fixo un repaso polas denominacións de orixe galegas e loou a diversidade de caldos que existen na comunidade.

Pola súa banda, Blomberg animou ós viticultores a traballar con viños “auténticos”. “Non hai por que producir só viños estándares e comerciais, nin copiar os viños de Europa”, indicou o experto viticultor norteamericano.

Os asistentes probaron sete viños, tres tintos e catro brancos. A cata rematou cun aperitivo de carne de boi á pedra, empanada e xamón cortado por un experto cortador, a cargo de Distribucións O Carrizo e Bodegón Alongos II.

Asetem asiste á asemblea xeral ordinaria da CEC

A vicepresidenta da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca), Elena Quintas Silva, asistiu recentemente á asemblea xeral ordinaria da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), na que está integrada a patronal melidense.

A reunión celebrouse o pasado 17 de xuño. Seguindo a orde do día, os asistentes procederon á aprobación do balance de contas xerais anuais correspondente ó anterior

exercicio, á aprobación de altas e baixas e a relación de protectorados.

Os integrantes da patronal coruñesa tamén abordaron o documento de reforma laboral plantexado polo Goberno estatal, sobre o que o presidente da CEC, Antonio Fontenla, expresou as dúbidas sobre a súa utilidade. Dende a confederación provincial reiteraron a súa reclamación do establecemento dunha porcentaxe de despedido mínimo.

**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
**Novas instalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide**

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantón
15809 Santiso
xebre@telefonica.net



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Axudas a explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subproductos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano. (DOGA nº110, do 11 de Xuño de 2010)

Prazo: 12 de xullo de 2010

- Axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias.
- Axudas á industria agroalimentaria.
- Axudas ao almacenamento e procesado intermedio de subprodutos.
- Axudas a plantas de transformación, destrución e valorización de subprodutos.

2. Axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios. (DOGA nº 105, do 4 de Xuño de 2010)

Prazo: ata o 19 de xullo de 2010

- Realización de plans de mellora nas explotacións agrarias.
- Primeira instalación de agricultores mozos/as.

3. Subvencións a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego. (DOGA nº 111, do 14 de Xuño de 2010)

Beneficiarios: Comerciantes ou futuros comerciantes retalistas, persoas físicas ou xurídicas, que se adiquen ó comercio de xeito habitual; ubicados en concellos de menos de 5.000 habitantes ou núcleos de poboación que non superen os 1.500 habitantes; e se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego.

Cuantía: Ata o 70% do investimento en activo fixo, máximo 60.000 euros.

Prazo: Ata o 14 de Xullo de 2010

4. Axudas ó fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais. (DOGA nº 111, do 14 de Xuño de 2010)

Gastos subvencionables, efectuados entre o 01/12/2009 ata o 31/10/2010:

- Gastos de funcionamento (alugueres, persoal, suministros, material de oficina, servizos profesionais, etc.)

- Actividades de promoción do cooperativismo e a economía social (cursos, xornadas, conferencias; publicación e difusión de estudos, manuais, folletos; asistencia a feiras, congresos; etc.)

Contía: Ata o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades

Prazo: Ata o 17 de Xullo de 2010.

5. Subvencións para actuacións de rehabilitación ao abeiro do Programa Renove do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012. (DOGA nº 111, do 14 de Xuño de 2010)

Beneficiarios: Comunidades de propietarios, persoas físicas ou xurídicas, que estean en posesión da cualificación definitiva.

Gasto subvencionable: O orzamento da actuación que figure na cualificación definitiva emitida pola Consellería.

Prazo: Ata o 30 de Setembro de 2010

6. Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias. (DOGA nº 111, do 14 de Xuño de 2010)

Axuda: 3.000€ por persoa beneficiaria

Prazo: ata o 16 de Xullo

Beneficiarios: Incorporacións á actividade agraria no réxime especial para traballadores por conta propia agrarios.

7. Subvencións para o fomento da creación da mellora dos establecementos comerciais e da súa imaxe. (DOGA Nº 118, do 23 de Xuño de 2010)

Actuacións subvencionables:

- Reforma e/ou ampliación do local comercial
- Mellora da imaxe dos establecementos comerciais (escaparatismo, rótulos e letreiros luminosos, moblaxe, elementos de decoración)
- Creación, implantación e expansión de cadeas sucursalistas de comercio retalista en locais de conxuntos históricos.

Prazo: ata o 23 de Xullo

Beneficiarios: comercio polo miúdo

Reforma Laboral I

• Real Decreto-Ley 10/2010, de 16 de Xuño

CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO

Non poderán ter unha duración superior a 3 anos (4 anos por convenio colectivo). Transcurrido este prazo, os traballadores adquirirán a condición de fixos.

INDEMNIZACIÓN LEGAL CONTRATOS EVENTUAL E DE OBRA

Amplíase a 12 días por ano de servizo a indemnización por expiración do contrato, a razón do seguinte calendario:

- 8 días por ano de servizo, para os contratos que se celebren ata o 31/12/2011
- 9 días por ano de servizo, para os contratos que se celebren a partir do 01/01/2012
- 10 días por ano de servizo, para os contratos que se celebren a partir do 01/01/2013
- 11 días por ano de servizo, para os contratos que se celebren a partir do 01/01/2014
- 12 días por ano de servizo, para os contratos que se celebren a partir do 01/01/2015

CONTRATO EN PRÁCTICAS

Poderá concertarse con titulados universitarios, de formación profesional de grao medio ou superior ou certificado de profesionalidade, obtido nos 5 anos anteriores (6 anos para discapacitados).

CONTRATO PARA A FORMACIÓN

Poderá celebrarse con traballadores que teñan entre 16 e 25 anos (idade máxima ata 31/12/2011), que carezan de titulación ou certificado de profesionalidade. Duración, entre 6 meses e 2 anos (max. 3 anos por convenio). Cotiza a desemprego. Bonificación do 100% da cota empresarial á Seguridade Social durante a vixencia do contrato de formación que se celebre, ata o 31/12/2011, con desempregados e inscritos na oficina de emprego.

Fiscal e Laboral

Orden EHA/1059/2010, polo que se reducen os índices de rendemento neto aplicable no período impositivo 2009 no método de estimación obxetiva do I.R.P.F. para as actividades agrícolas e gandeiras afectadas por diversas circunstancias excepcionais e os módulos do réxime especial simplificado do I.V.E. (B.O.E. nº 105, do 30 de Abril de 2010)

Simplificación das obrigas de documentación das operacións vinculadas a cumprir polas entidades de reducida dimensión.

As persoas ou entidades vinculadas deberán manter á disposición da Administración tributaria a documentación que se estableza regulamentariamente.

Dita documentación non será esixible ás persoas ou entidades cuxo importe neto da cifra de negocios sexa inferior a oito millóns de euros, e o total das operacións realizadas no período con persoas ou entidades vinculadas non supere o importe conxunto de 100.000€ de valor de mercado.

Ampliación da liberdade de amortización con mantemento de emprego nos anos 2011 e 2012.

As inversións en novos inmovilizados (material e inmobiliarios), que entren en funcionamento nos anos 2009 a 2012, poderanse amortizar libremente cando nos dous anos seguintes a entrada en funcionamento de ditos inmovilizados, se manteña ou cree emprego con respecto á plantilla media dos doce meses anteriores.

O Concello ve “difícil” o aprobado inicial do PXOM nesta lexislatura

Decidirá se darlle o visto bo estando preto as eleccións municipais

A aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Melide terá que agardar “máis probablemente” para a próxima lexislatura. Así o confirmaron dende o Concello a Cerne e foi comunicado a Asetem-Cca nun encontro que recentemente mantivo a Xunta Directiva coa rexedora local, Socorro Cea.

Actualmente, o documento está sendo adaptado á nova Lei do Solo pola empresa Monteoliva, que se encargou da redacción do plan dende un principio. Un proceso que durará como mínimo uns catro meses, xa que “implica volver revisar todo o referente ós núcleos rurais, volver facer traballo de campo”, explica Cea.



A aprobación total do PXOM farase no próximo mandato

Despois de recibir o documento “a finais de ano”, procederíase á aprobación inicial en Pleno e a partir dese momento abriríase o período de exposición pública e alegacións, que tería unha duración de dous meses.

Tendo en conta estes prazos, o grupo de goberno local analizará “se convén ou non” proceder á aprobación inicial

debido á proximidade coas eleccións municipais, que se celebrarán o 29 de maio de 2011. “Antes das eleccións, como moito, podería estar a aprobación inicial, pero temos que mirar se convén ou non porque en marzo xa estaríamos practicamente en precampaña”.

A rexedora indica que a comezos de ano “valoraremos se

é correcto ou non” que o Concello dea o visto bo ó documento. Amósase prudente neste sentido, argumentando que “non é normal que estando en precampaña se traballe cun documento tan importante, que pode afectar e beneficiar a moita xente”. “Non é o momento idóneo para expoñelo nin para explicarllo ós veciños”, razona.

Así as cousas, os melidenses terán que agardar á próxima lexislatura para contar cunha normativa urbanística actualizada. “A aprobación do PXOM é a gran asignatura pendente do seguinte mandato”, di a alcaldesa, que prevé “centos de alegacións con total seguridade”. Logo da súa resolución, o plan entrará na Xunta, que terá a última palabra.

“Medo escénico”

Dende o grupo da oposición denuncian “unha paralización intencionada” do plan, que atribúen ó “medo escénico e político” do grupo de goberno

local. Segundo criticou a voceira do PP, Ánxeles Vázquez, a redacción do proxecto xa estaba concluída en setembro do 2009. “Tódolos concellos de arredor se apresuraron ante a aprobación da nova Lei do Solo -en marzo de 2010-, agás o de Melide, que fixo todo o contrario”, lamenta Vázquez.

Malestar na construción

Dende o sector da construción e actividades afíns, representados por varios directivos de Asetem-Cca, trasladaron o seu malestar pola tardanza na aprobación da normativa urbanística e a súa preocupación por que esta cuestión se demore “excesivamente”. Reclamaron uniformidade de criterios por parte dos técnicos municipais, xa que “non pode haber propietarios que non saiban se poden edificar ou non nas súas parcelas porque dende o Concello non lle ofrecen unha resposta clara”, denunciou a vicepresidenta de Asetem-Cca, Elena Quintas.

O goberno local aprobará os presupostos con recortes de ata o 14% para os cargos políticos

O salario da alcaldesa reducirase nun 7%

O goberno local de Melide ten previsto aprobar os presupostos para o ano 2010 neste mes de xullo. A planificación de gastos e ingresos contempla reducións de ata un 14% nas asignacións ós cargos políticos. A rebaixa nas retribucións será dun 6% para os tres concelleiros que teñen dedicación exclusiva no goberno municipal -Medio Ambiente, Seguridade Cidadá e Educación, Benestar e Igualdade e Medio Rural e Mocidade-. Pola súa banda, a alcaldesa melidense, Socorro Cea, verá reducido o seu salario nun 7%.

O maior recorte, dun 14%, será para os tres membros da Xunta de Goberno Local, quen

non contan con ningún tipo de dedicación no concello.

“Nunha situación de crise como a que vivimos, temos que preparar un presuposto axeitado ás necesidades económicas do Concello e á realidade das administracións, xa que o volume de ingresos doutras administracións ao Concello de Melide -especialmente da Xunta de Galicia- diminuíron este ano considerablemente”, asegurou o concelleiro de Facenda e portavoz do goberno local, Antonio Díaz. O edil insistiu en que “queremos ser dos primeiros en poñernos á fronte da gravidade económica actual, que esixe recortes en todos os ámbitos”.

Atraso “inadmisíble”

O PP de Melide critica o atraso “inadmisíble” na aprobación dos orzamentos e esixe ó goberno municipal que non demore máis o proceso e o “afronte con valentía”.

Ademais, a voceira do PP melidense, Ánxeles Vázquez, asegura que a tardanza dos orzamentos “está supoñendo graves problemas económicos ás empresas que prestan servizos ó Concello, xa que a rexedora escúdase en que o presuposto non está aprobado para non pagarlle as contías pendentes”.

Vázquez critica que os orzamentos non entrarán en vigor ata o mes de setembro.

Inician os trámites para aprobar un convenio laboral propio no Concello

O goberno melidense anunciou recentemente o inicio dos trámites necesarios para levar a cabo a aprobación dun convenio laboral propio. Ten previsto convocar ós diversos representantes sindicais dos traballadores do concello para constituír a Mesa Xeral de Negociación, segundo informaron dende a alcaldía melidense. A alcaldesa e responsable da área de Persoal, Socorro Cea, prevé que as negociacións “fagan posible a aprobación dun acordo regulador das condicións laborais dos traballadores funcionarios e laborais que traballan para o Concello”. A día de hoxe, estes empregados réxense polo Estatuto dos Traballadores ó non dispoñer dun convenio propio. Pola súa banda, o portavoz do

goberno local, Antonio Díaz, asegura que “nun tempo de crise é cando máis procede ter a valentía de apostar polo traballo regulado, garantir condicións e calidade no desempeño diario da labor das persoas contratadas”.

Dende o consistorio confían en chegar a acordos cos sindicatos para elaborar “un bo convenio”, xa que “canto máis se melloren as condicións laborais dos traballadores mellor será a atención e prestacións que reciban os melidenses”.

Resposta sindical

Dende o sindicato UGT apremiaron ó concello a constituír canto antes a mesa de negociación no canto de “facer anuncios cara á galería”

A alcaldesa e a xunta de goberno local denunciados polo caso da depuradora

O xulgado de Arzúa admite a trámite a querela posta polo PP local

A alcaldesa de Melide e, xunto con ela, os outros catro integrantes da xunta de goberno local -Manuel Prado, Antonio Díaz, Conchi Castro e José Antonio Varela- foron denunciados polo PP melidense por presunto fraude ó certificar en falso o remate da estación depuradora de augas residuais (Edar) do polígono industrial da Madanela.

O Xulgado de Instrución número 1 de Arzúa admitiu a trámite a querela interposta polos populares por presuntos delitos de “prevaricación, fraude e falsificación de docu-

mentos”, segundo deron a coñecer a voceira local, Ánxeles Vázquez, a diputada autonómica, Paula Prado e o abogado do partido que leva a causa, Estaban Rico.

Como principais argumentos para presentar a querela, o PP de Melide alude ó propio feito de que a alcaldesa certificou o remate da obra cando non estaba comezada, punto no que tamén están implicados os membros da xunta de goberno local por da o visto bo ó decreto asinado en contra do informe do departamento de Intervención do Concello e dar orde de pago da subvención de 470.000 euros que concedera a Xunta.

Segundo o PP, os presuntos delitos tamén se evidencian na firma dun decreto -o pasado 18 de maio- no que o Concello reconece ter recibido, o 4 de febreiro de 2008, unha subvención de 227.500 euros,



Ánxeles Vázquez e Paula Prado

procedentes 157.500 da Consellería de Innovación e Industria e outros 70.000 por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con data do 1 de marzo do mesmo ano.

Neste punto, Ánxeles Vázquez recorda que no Pleno Ex-

traordinario celebrado o pasado mes de marzo, Cea “negou rotundamente ter cobrado nin un só céntimo das subvencións”. “Fomos enganados nós e o pobo de Melide”, critica Vázquez.

A voceira do PP melidense

explicou que decidiron emprender accións xudiciais por “responsabilidade política, xa que se non o denunciáramos seríamos cómplices destes supostos delitos”. “Agora será un xuíz quen ditamine ata onde chega a responsabilidade dos seus actos e mentiras deste goberno”, puntualizou.

Compromiso da Xunta

Tras reunirse co delegado territorial da Xunta, Diego Calvo, Vázquez destacou o “compromiso e vontade” do Goberno autonómico para que o polígono melidense conte con nova depuradora. Amosouse confiada en que a Xunta concederá a subvención “sempre e cando a documentación estea ben presentada e cumpra coa legalidade”. Vázquez felicítase “pola distinción entre as necesidades dos empresarios e a incompetencia do goberno melidense”.

Os troiteiros melidenses reciben o apoio da Fundación Félix

O colectivo obtén a mención de “experiencia ejemplar”

Pasado un lustro dende a súa fundación, a Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide recibiu un dos recoñecementos máis valiosos polo seu traballo. A Fundación Félix Rodríguez de la Fuente outorgoulle a mención de “experiencia ejemplar” no marco do programa ‘Runa. Convergencia Rural Naturaleza’.

Os directivos do colectivo de pescadores explicaron as tarefas que realizan habitualmente a varios membros da fundación, que destacou a súa labor a prol da educación ambiental no medio rural e a recuperación, conservación e fomento de ecosistemas fluviais.



Directivos de ‘Río Furelos’

Os responsables da fundación coñeceron os traballos dos troiteiros da man dos propietarios de Casa Alongos -Concepción Casares e Francisco Lúgrís-, que tamén recibiu o mesmo recoñecemento recentemente.

“Este tipo de iniciativas di-

vulgativas son unha forma eficaz de ir creando esa arañeira de conciencia ecolóxica que imperceptiblemente se vai estendendo na procura da defensa irrenunciable dos nosos ríos, e, por extensión, do noso medio”, sinala o presidente dos troiteiros, Xabier Pazo.



Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques, 35 - Melide

Os melidenses estrearán as piscinas de Furelos, agora adaptadas á normativa vixente

O vaso para os menores sobrepasaba a profundidade regulamentaria

Melidenses e visitantes poderán bañarse tranquilamente nas piscinas da área recreativa de Furelos. As instalacións xa cumpren coa normativa vixente, logo das reformas ás que foron sometidas no marco do Plan de Dinamización Turística de Terras de Ulla e Tambre da Deputación da Coruña.

A actuación perseguía fundamentalmente “mellorar a seguridade das piscinas, adaptándoas á normativa vixente e aplicando materiais cos que se garanta que esta sexa unha zona de lecer e esparcemento, non unha infraestrutura perigosa”. A alcaldesa melidense,



Operario traballando no arranxo da piscina para menores

Socorro Cea, xustificaba deste xeito a inversión de 100.000 euros na zona de ocio. No relativo á seguridade, os traballos centráronse en reducir a profundidade da piscina dos menores e na colocación de novo pavimento no contorno dos dous vasos.

Anteriormente, a piscina de cativos tiña unha profundidade que oscilaba entre os 80 centímetros e un metro, cando a lexislación esixe que sexa de 50 centímetros como máximo, medida que cumpre agora.

No caso do pavimento, fora colocado un firme “totalmente

inaxeitado” que ocasionaba numerosos esvaróns entre os usuarios das piscinas. Cea recoñeceu que nos últimos anos foran varias as persoas que precisaran de asistencia médica ó sufrir percances deste tipo. A área foi pavimentada de novo con formigón im-

preso, de imitación a madeira e antiesvaradizo.

Aforro e reutilización

O proxecto de mellora formulouse dando prioridade ó aforro e reutilización de auga, para o que se taparon as fugas dos rebordadoiros de auga e se instalaron dúas bombas de depuración para aproveitar ao máximo o volume de auga.

Outras das melloras afectan ós baños e duchas, que se adaptaron á normativa de augas coa instalación dunha depuradora soterrada e dun equipo de saneamento para os aseos.

O parque infantil foi ampliado e trasladado a unha das beiras das piscinas e tamén aumentou a superficie destinada a solario.

A segunda fase de mellora da área recreativa de Furelos, enmarcada no Plan E, foi adjudicada á firma Proquintas S.L. -asociada a Asetem- cun orzamento de 300.000 euros.

Cinco pequenos saharauis xa están en Melide coas súas familias de adopción



Os cinco nenos coas familias que os acollen e varios membros do goberno local

Asma, Mariam, Nurdin, Fatma e Salka chegaron hai uns días a Melide dende os campamentos de refuxiados de Tindouf, no Sáhara.

Este é o terceiro ano consecutivo que familias da vila aco-

llen a pequenos saharauis no marco do programa “Vacacións en paz”, que evita que os cativos pasen os meses de máis dureza climatolóxica no Sáhara. Os rapaces chegan dispostos a pasar dous inten-

ses meses en terras melidenses, na que supón tamén unha experiencia enriquecedora para as familias. Para comezar con bo sabor de boca, os nenos recibiron un paquete de doces típicos da vila.

O PP anuncia a apertura da residencia de maiores antes de finais de ano

Tras manter un encontro coa Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, a voceira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez, anunciou que o departamento da Xunta proxecta a apertura da residencia de maiores para antes de que finalice este ano.

Deste xeito, para o primeiro trimestre de 2011 estarán en marcha 60 novas prazas -que se suman ás 16 xa existentes-, despois de que rematen os traballos de equipamento. Estas labores comprenden a instalación dun ascensor para padio-las e dun elevador, necesarios para habilitar a nova pranta e para os que existe unha dotación orzamentaria de 250.000 euros.

Vázquez demandou á conselleira de Benestar que dea prioridade ós melidenses no acceso ás novas prazas, posibilidade á que Mato se compro-

meteu a estudar.

Para os populares melidenses a posta en marcha da maior parte das prazas da residencia “incidirá directamente na mellora da calidade de vida de moitos veciños, así como tamén na situación económica da comarca, xa que coas sesenta novas prazas xeraranse novos postos de traballo”.

Complexo xerontolóxico


O complexo xerontolóxico do que forma parte a residencia de maiores -que finalmente contará cunhas 76 prazas- tamén acolle o centro de día, con capacidade para 39 maiores e outras 24 prazas repartidas nas vivendas comunitarias, nas que residen maiores non dependentes. O centro está xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O sector lácteo está á expectativa ante unha suba do prezo do leite nos vindeiros meses

Os gandeiros da zona amósanse preocupados pola prolongada crise do campo

O sector lácteo, xunto co da horta, é un dos máis desenvolvidos en canto á actividade primaria na Terra de Melide. Segundo os datos que manexa a Consellería de Medio Rural, nos catro concellos da zona hai unhas 460 explotacións que producen anualmente máis de 53,6 millóns de quilos de leite.

Pese a estas cifras, o sector está “danado de morte” na opinión da maioría dos gandeiros. Non obstante, os produtores amósanse “á expectativa” ante unha posible subida do prezo do leite en orixe prevista para os últimos meses deste ano. É unha tendencia lóxica do mercado, xa



O sector lácteo é un dos piares económicos da Terra de Melide

que durante o verán a produción baixa, o que fai que aumente o prezo. O sector sitúa este incremento en “dous ou tres céntimos” por litro. Agora mesmo, os produtores perciben entre 24 e 28 céntimos de prezo base, segundo o caso.

Aínda así, recoñecen que o do leite é un mercado “moi volátil”, xa que está condicionado por numerosos factores externos. A situación de crise xeralizada tamén agrava o particular trance do sector lácteo, xa que a redución do poder ad-

quisitivo dos consumidores obrigaos a mercar produtos de marcas brancas por ser os máis asequibles. “O consumidor compra o máis barato e as industrias queren reducir custos como sexa para acadar máis cota de mercado poñendo prezos máis baixos”, razonan os produtores.

Outro dos problemas que lastra o aumento do prezo é a entrada de leite de Francia e outros países europeos por debaixo dos custos de produción. Se ben actualmente, a tendencia é a que chegue máis transformado en produtos derivados que en estado líquido.

O momento máis crítico

Atrás queda o episodio máis crítico que viviu o sector na comarca. Foi hai algo máis dun ano, cando Leche Pascual suspendeu unilateralmente a recollida de leite á cooperativa Melisanto, que integra a 170 produtores lácteos da zona.

Pasados máis de doce meses a situación mellorou, pero segue a ser “mala”, aseguran fontes do sector. Agora Melisanto reparte a produción entre cinco industrias para “ter diluído o risco”. Aínda así, os gandeiros quéixanse por non percibir prezos semellantes ós que abonan varias das industrias que recollen o leite na comunidade.

Unha vella reivindicación

O acordo que gandeiros, industrias e cadeas de distribución acadaron hai agora un ano para a firma de contratos homologados non obtivo os froitos desexados na zona. Moitos amósanse escépticos ante esta medida, pero si valoran que permitiría conseguir algo polo que o sector leva loitando dende hai moitos anos: saber de antemán a qué prezo lles van a pagar o leite que entregan. É o único produto do agro que se entrega para a venda sen saber a qué prezo.

OS PROTAGONISTAS



Suso García, Toques

Con máis de 50 reses a explotación de Suso está entre as máis grandes do concello de Toques, cunha cota anual de 264.000 quilos. Recolle cada día uns 700 litros.

Ve “moi complicada” a situación actual do sector e recorda os momentos de bonanza, hai dous anos, cando o litro de leite chegou a pagarse a máis de 50 céntimos. “Aqueles prezos tan elevados supuxeron a ruína de moita xente. Metéronse en grandes inversións ás que agora lles costa facer fronte”.

Pese a todo, Suso di confiar na recuperación dos prezos “a medio prazo”. “Creo que o

prezo se estabilizará unha temporada, aínda que non será para tirar cohetes”. Na súa opinión, o idóneo sería que o litro se pagara a entre 36 e 42 céntimos.

O produtor lamenta que o prezo estea suxeito a “moitas circunstancias externas e a especulacións”. “Houbo veces que se correu a voz de que sobrava leite, cando só eran dúas cisternas e os prezos desploxáronse”.

Suso reclama unha maior agrupación de produtores e cooperativas para negociar “unha ou dúas persoas con forza” ante as industrias.



Mari Carmen Castro, Melide

Leva “toda a vida” traballando nunha explotación que ampliou a súa produción de 29.000 quilos a 450.000 nos últimos 16 anos. Mari Carmen amósase “desanimada” ante o momento actual, pero non perde as esperanzas. Di que “loitaría todo o que poidera” para evitar pechar a súa granxa. As súas 90 vacas producen ó día arredor de 1.500 litros. “Síntome orgullosa de todo o que conseguín, no que puxen moita ilusión e agora non querría deixalo”.

Con todo, recoñece que a situación actual “pode obrigarnos a abandonar, porque traballamos moitas horas e non vemos beneficio”. “Agora mesmo só pensamos en quitar para cubrir custes, non se pode pensar en sacar un sueldo, porque non saen as contas”.

Di que a falta de oportunidades de traballo noutros sectores é o que evita que pechen máis explotacións. “Se houbera traballo noutros sitios isto sería unha desbandada”.

Ve posibilidades de que poi-

dan saber a que prezo lle van pagar o leite, pero asegura que “teñen que estar moitas partes de acordo, alguén que o esixa de verdade e que sexa por lei”. Neste punto, a gandeira critica o papel dos sindicatos, di non verse representada.



Faustino López, Santiso

Xunto con outros dous socios, Faustino fundou a sociedade Agra López hai 7 anos. Agora, con 190 cabezas e un millón de quilos de cota, espera que o prezo suba nos próximos meses, nos que terá que facer fronte ó pago de varios préstamos. “Se isto sigue así teremos que pechar, non nos queda

outra”, asegura.

Reclama un prezo “digno” para o produto. “Non queremos subvencións nin créditos baratos, só queremos traballar disto e levar un sueldo digno para a casa”, explica.

Coñecer o que cada gandeiro cobraría polo seu produto cada mes é “imprescindible para poder facer números e xestionar a explotación”.

Faustino extrae unha lección da crise que vive o sector lácteo. “Aprendemos a reducir custos e a ir polo camiño correcto. Antes os prezos eran moi elevados e non se botaban números. Gastábase sen control”. Na súa explotación optaron por reducir o pienso que daban a cada animal -de 10 quilos diarios pasaron a 5,5 e agora están en 8-, e facer entre os socios os traballos de podoloxía e inseminación.

Cre que se non hai un “xiro” na situación, perigarán negocios ligados á actividade. “Podería quedar millo sen ensilar, porque hai xente que xa non pode afrontar eses gastos”.

Visantoña está decidida a mobilizarse para acadar a reforma da estrada a Melide

A comezos de mes expira o prazo que deron a Xunta e Deputación para resolver as expropiacións

Cumprido case un mes dende a reunión na que os veciños de Visantoña acordaron dar 30 días de prazo para que Xunta e Deputación da Coruña resolveran a declaración de expropiación urxente para os terreos afectados no proxecto de mellora da estrada que une a aldea con Melide antes de adoptar medidas de protesta, o caso parece volver estar “estancado”.

Naquel encontro -ó que asistiron a vicepresidenta de Asestecca, Elena Quintas, acompañada dun vogal da asociación, Manuel Buján-, o ex alcalde de Santiso, Ramón Villar, comprometeuse a interceder ante a Xunta para resolver o trámite pendente no prazo dun mes. É o Goberno autonómico -concretamente a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia- o que debe autorizar a expropiación dos terreos con carácter urxente, tal e como llo demandou a Deputación provincial.

Segundo explica o presidente da Asociación Cultural e Veciñal ‘O Noso Lar’, Manuel Adán, a situación está “encallada entre a Xunta e a Deputación”. A finais de maio, a Xunta solicitou información adicional ó organismo provincial para xustificar a necesidade de declarar a urxencia nas expropiacións. Reclámase unha copia do proxecto de mellora autenticado polo secretario do organismo, un informe técnico e xurídico de adecuación urbanística, a aclaración da natureza xurídica de varias parcelas afectadas así como dun expediente de alegación, ademais de informes técnicos sobre as necesidades que avalan a declaración de urxencia.

Dende a Deputación aseguraron que os técnicos xa traballan na elaboración dos informes requeridos, aínda que alegan que esta información “é redundante, innecesaria ou xa obra en poder da Xunta”, segundo explica Adán



Os afectados reuníronse en Visantoña o pasado 9 de xuño

aludindo ás informacións que proporcionan ó colectivo veciñal. “Dinnos que dende a Xunta son especialmente quisquillosos, coma se quixeran retardar deliberadamente o arreglo da carretera”, indica Adán. Neste punto, critica a actuación dos dous organismos, que “se botan balóns entre eles, e mentres a carretera está sen arreglar”.

Decididos a protestar

Os veciños amósanse desconfiados sobre a pronta resolución destes trámites, máis cando estamos en plena época estival e “os funcionarios xa teñen unha carga importante de traballo”, aseguraron dende o organismo que dirixe Salvador Fernández Moreda. Non agardan que haxa unha nova resposta ata o próximo mes de setembro.

Ante este panorama, o presidente de ‘O Noso Lar’ confirma que para mediados do mes de xullo volverán convocar unha reunión para decidir qué medidas de protesta adoptan. “Dende ‘O Noso Lar’ imos a por mobilizacións. Agora están tódolos papeis enriba da mesa, temos que tirar cara adiante”, indica Adán, que se amosa confiado sobre “as serias posibilidades de que agora se consiga o arreglo desta estrada”.

Entre as accións que barallan no colectivo cobra forza a

de realizar unha marcha lenta de vehículos pola propia carretera ata chegar a Melide.

Máis de 1.000 afectados

Case 1.300 veciños das parroquias de Visantoña, Ribadulla, Beigondo, Pezobres e San Román en Santiso e de San Martiño das Varelas e Campos en Melide, son os afectados directos da situación actual do vial. Non obstante, dende ‘O Noso Lar’ sinalan que o arranxo da estrada repercutirá en maior medida na vila de Melide, xa que “a maior parte dos veciños de Santiso temos os nosos vínculos comerciais alí”, por iso reclama o apoio do sector empresarial da vila.

Domingo de camiñata en plena natureza



Os participantes comeron a carón das Fervenzas de Brañas



Gozaron das fermosas vistas das Fervenzas de Brañas

A III Xornada Campestre de Toques converteuse, segundo os seus participantes, en “algo diferente a todo o coñecido”. Fixeron un percorrido dende A Tillería ata as Fervenzas de Brañas, pasando por Buxán e

Paradela á ida, e por Vaamonde, Vilares, A Graña e Souto á volta. Na camiñata, poideron comprobar a riqueza da flora da ribeira do Furelos, ó contar máis de 40 especies arbóreas no traxecto.



Intervención “de urxencia” nas pinturas da Capela

Un equipo de tres restauradores da empresa Crea traballa na igrexa da Capela, en Toques, para evitar que continúen deteriorándose as pinturas murais que acolle o templo, declarado Ben de Interese Cultural.

A humidade prexudica seriamente as pinturas, o que provoca que co paso do tempo estas se desprendan. Precisamente os expertos traballan adheríndoas ás paredes usando un material específico para este tipo de procesos. Os traballos terán unha duración aproximada de dous meses.



Andamios colocados no interior da Capela

Os veciños de Sobrado xa teñen acceso Internet de banda ancha

O acceso a Internet de alta velocidade é un dos problemas do rural galego, onde son poucos os núcleos ós que chega a banda ancha e existen garantías dun servizo axeitado. En moitos lugares da comarca, nin as propias compañías de telecomunicacións ofertan estes servizos porque non chega o ADSL ou o cable.

Dende o Concello de Sobrado optaron por solventar este problema acolléndose ós fondos do segundo Plan E. Puxeron en marcha o proxecto de instalación dunha rede inalámbrica para o acceso a banda ancha, cun investi-

mento de 80.000 euros.

A empresa encargada do proxecto é a firma Intermax de Melide. Os traballos comezaron hai varias semanas coa instalación de tres antenas que recollen o sinal do satélite ubicadas en puntos estratéxicos, concretamente na Cova da Serpe, nos montes do Bocelo e no Campelo, segundo indicou persoal do Concello.

As persoas interesadas deben formular a súa petición ante o Concello, onde de recollen os datos de contacto e os trasladan á firma concesionaria. Os técnicos desprázanse ata o lugar concreto para

medir a intensidade do sinal e saber se a cobertura existente ofrece posibilidades de que a rede funcione correctamente.

A empresa ofrece o acceso a banda ancha cunha conexión de 2 megas a un prezo de 35 euros ó mes -Ive incluído- e 100 euros de cuota de alta, con instalación dos equipos correspondentes.

Actualmente, xa se tramitaron unhas 15 solicitudes e o goberno local prevé que este número se amplíe notablemente, xa que nos últimos días foron varias as persoas que se achegaron cada xornada a pedir información.

Máis de 400 maiores na súa festa en Sobrado



Máis de 420 persoas xuntáronse o pasado día 2 de xullo en Sobrado na Festa dos Maiores, que cada ano organizan dende o Concello.

A xornada comezou cunha misa na Igrexa Parroquial San

Pedro de Porta, para dar paso á comida, celebrada no pavillón.

O menú estivo composto por empanada, troitas, pulpo, roscón e queixo. A festa estivo amenizada por un conxunto musical.

Vintecinco parados de Santiso fórmanse en horticultura e cantería

Ante as dificultades que atravesava o mercado laboral, vinte e cinco veciños de Santiso decidiron optar pola formación como alternativa á crise. Son 14 mulleres e 11 homes que recentemente comezaron dous obradoiros de emprego que a Consellería de Traballo lle concedeu ó Concello de Santiso.

Ó longo dun ano recibirán formación en horticultura e cantería, respectivamente, da

man de seis docentes. Os alumnos foron contratados dende o primeiro momento e perciben unha remuneración de 950 euros mensuais.

Os alumnos recibirán formación teórica, que se imparte no antigo consistorio, e se combinará coas prácticas.

Dende o Concello de Santiso agardan que os obradoiros promovan con éxito a inserción laboral da totalidade dos alumnos que se apuntaron.

A Xunta compromete o seu apoio ó turismo de Toques

O delegado territorial da Xunta na provincia da Coruña, Diego Calvo, comprometeu o apoio do Goberno autonómico ó desenvolvemento do potencial turístico do concello de Toques nunha visita realizada recentemente. Diego Calvo, que visitou Toques con motivo da clausura e entrega de diplomas dun obradoiro de horticultura, puido coñecer os numerosos recursos turísticos cos que conta o territorio toquense. Foi acompañado polo

alcalde, Jorge Calvo, á igrexa prerrománica da Capela, onde manifestou a súa sorpresa pola beleza do contorno.

Desenvolver o potencial

Dende o Concello de Toques traballan para desenvolver o potencial turístico da zona, onde abundan os recursos arqueolóxicos enmarcados en paisaxes únicas. Unha das primeiras accións foi a presenza na I Turexpo de Galicia, celebrada o pasado novembro.

VALLE

3 EUROS

*canxeable en **XÍCA** ou **MUXÍCA**

*en compras superiores a 30 euros

*salvo produtos en promoción

*válido ata o 15 de Agosto

A Terra de Melide réndese ó San Xoan



Fogata dos veciños da rúa Mateo Segade Bugueiro

É a noite máis máxica do ano. Como é de costume o San Xoan celebrouse por todo o alto en moitos recunchos da comarca. En moitos lugares, os cativos foron os encargados de ir recolectando pezas de

madeira para facer as luminarias. Algúns quixeron despedirse para sempre das tarefas escolares e botaron ó lume apuntes e libretas. Á noitiña do 23 de xuño íase expandindo o recendo das sardiñas

asadas e churrasco polos pobos de toda a zona.

Os veciños da rúa Mateo Segade Bugueiro compartiron mantel convidados polos 'Ramóns', nunha especie de anticipo do seu santo.



Cea dos veciños dos Castros, en Santiso



Na rúa Mateo Segade cearon con sardiñas asadas

A fogata organizada pola Asociación de Amas de Casa alumeou os arredores da capela de San Roque. Coma tódolos anos dende hai 22, houbo chocolate con doces típicos e música para recibir o

verán. Foron varios os peregrinos que se sumaron á tradicional festa.

Nos Castros, en Barazón (Santiso) xuntáronse uns 40 veciños para celebrar xuntos por primeira vez o San Xoán.

Os colexios da comarca organizaron multitude de actividades para celebrar o final do curso



Os alumnos do CEIP de Arce-diago, en Santiso (esquerda), fixeron unha alegoría a prol da igualdade entre homes e mulleres e amosaron a súa habilidade tocando varios instrumentos musicais.

Os cativos dos distintos cursos de Primaria do Colexio número 1 de Melide (dereita) foron de excursión ás Fragas do Eume, ás Termas de Ourense e ó Enredo do Abelleiro, en Arzúa.



Aproveitando o Ano Santo, no Colexio Pastor Barral peregrinaron a Santiago (esquerda), experiencia que compartiron todos os alumnos de Primaria dos tres colexios da vila. Na imaxe da dereita, os membros da Anpa Espertar do Colexio Nº1 despediron o curso cunha cea, en compañía de pais e alumnos, onde deron conta das actividades realizadas neste exercicio e das que preparan para o seguinte.



Ducias de cativos participan nos campamentos de verán na zona

Para os cativos é unha época de divertimento e lecer, pero o verán pode converterse nun quebradeiro de cabeza para aqueles pais que non poden quedar ó coidado dos seus fillos. Co remate do curso escolar, unha das alternativas que se impón nas últimas datas para conciliar vida laboral e familiar son os campamentos urbanos de verán.

Para esta tempada hai apuntados no concello de Melide máis de 55 rapaces, que gozarán de diversas actividades ó longo de mes e medio, ata o 13 de agosto. Ademais das manualidades, teatro e contacontos, os cativos teñen a oportunidade de abordar a ciencia dun xeito ameno, realizar actividades lúdico-deportivas e de expresión corporal. En Santiso, os 60 cativos que



Clases de natación no campamento de verán de Santiso

asisten ó campamento dispoñen, igual que durante o curso escolar, de transporte gratuíto que os achega ata as instalacións deportivas de Visantoña. Practican xogos en grupo e deportes de aventura, como a tirolina, o kaiak ou o tiro con

arco.

Uns 20 nenos do concello de Toques participan no campamento. Ademais, 25 alumnos inscribíronse nos cursos de natación, que terán como culminación unha excursión ó aquapark de Cerceda.

Melide honra a San Pedro



Como cada 29 de xuño, os melidenses honraron a San Pedro, o patrón da vila. Os actos festivos reducíronse a unha misa e unha procesión que recorreu por varias rúas da localidade, na que participaron preto de 80 persoas.

Fin de curso para os alumnos de Herba Grileira



Actuación dos alumnos de gaita


Quixeron celebrar dun xeito especial o primeiro curso da agrupación. Os alumnos da escola de música tradicional Herba Grileira xuntáronse o pasado día 26 de xuño nun evento no que exhibiron todas as destrezas que foron adquirindo ó longo de nove meses de formación.

O acto comezou cunha proxección de fotos que resumiron o curso pasado, dende os ensaios, as actuacións ou a viaxe a Santurtzi para celebrar

o día das Letras Galegas. Posteriormente actuaron os alumnos das aulas de acordeón, gaita, percusión e canto tradicional.

Os integrantes de Herba Grileira falan da consolidación dun proxecto que naceu con moita ilusión. Neste curso foron 50 alumnos dentro de catro disciplinas: gaita, acordeón, percusión e baile tradicional, repartidas en tres niveis: iniciación, continuación e perfeccionamento.

A artista Rebeca Ponte estréase na música



Máis de 150 persoas acudiron á posta de longo do primeiro disco da cantante Cardigan Bridge -encarnada pola coruñesa afincada en Melide Rebeca Ponte- celebrada o pasado 30 de xuño na Coruña. Define 'On the windowsill'

como "variado e ecléctico" e amósase sorprendida pola repercusión que tivo a presentación do traballo.

En setembro ofrecerá un concerto na Fnac da Coruña e participará na estrea dunha obra de teatro en Broadway.

ESPAÑA
ALEMANIA
FRANCIA



SIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Manuel Vázquez García

Tfno./Fax: 981 50 79 10

Móviles: 610 52 34 50 / 51

www.transierra.es

manuel@transierra.es

Parque Emp. La Madanela, nave 79

15800 MELIDE (A Coruña)

ITALIA
PORTUGAL
AUSTRIA

LUXEMBURGO

HOLANDA

BELGICA

Charamela organiza o I Encontro Interxeracional da Terra de Melide

Haberá un certame literario, unha mostra de xoguetes antigos e teatro

A Asociación Cultural Charamela de Melide organiza o I Encontro Interxeracional Terra de Melide, que se celebrará na capital da comarca o próximo 21 de agosto. O obxectivo desta actividade é “fortalecer o vínculo entre a xente maior e os máis pequenos”, segundo explica a presidenta do colectivo, Mari Gómez.

A asociación proxecta unha xornada repleta de actividades, todas elas referentes ás relacións entre maiores e mozos. Tódalas actividades celebraranse na praza do Convento de Melide e no antigo museo. Haberá unha mostra de xoguetes antigos, que se expoñerán xunto con outros máis modernos para amosar aos visitantes as diferenzas e a evolución destes artigos co paso dos anos. Mari Gómez recoñece que esta é unha das actividades que maior preparación precisa, xa que son os propios membros da asociación os que traballan recompilando os xoguetes máis



Os xogos antigos e populares terán un papel especial

antigos.

O capítulo de exposicións complétase cunha mostra de libros antigos.

Á marxe destas mostras, os asistentes poderán practicar xogos populares, actividade que organizan en colaboración coa Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.

A música e o teatro tamén terán cabida neste encontro de xeracións. Actuará o grupo melidense Axóuxere, “que encarna o espírito que queremos reflexar, de convivencia entre maiores e pequenos”, explica a presidenta do colectivo.

Os compoñentes do grupo de teatro Charamela poñerán en escea a obra ‘Vaise pechar

unha porta máis’ de Varela Buxán.

Certame literario

Un dos pratos fortes do día será o fallo do I certame literario de relato curto da asociación Charamela. Poden participar os maiores de oito anos, cun texto inédito que non sobrepase as dúas páxinas, mecanografado a dobre espazo e escrito en lingua galega. O contido do relato centrarase nas relacións interxeracionais.

Os textos deden entregarse -por triplicado- ata o 30 de xullo Ortopedia Ortosauíde, Farmacia Hnos López Río e Muxica Tenda Xoven.

Melide conta os días para as tradicionais festas do Carme

A chegada do verán significa en Melide a celebración das festas grandes da vila. E como anticipo das de San Roque -as máis populares e coñecidas fóra da localidade- chegan as festas do Carme.

Aínda que os principais eventos e actuacións se celebrarán os días 16 -día da Virxe do Carme e festivo local-, 17 e 18 de xullo, os actos relixiosos comezan xa o mércores día 7. A partir desa data celebrárase unha novena, programada para as 08.00 e 21.00 horas.

O xoves 15, o víspera do día grande, celebrárase ás 20.30 horas a procesión de traslado da Virxe á capela do Castelo, acompañada polo grupo de gaitas Axóuxere.

Para o día 16 haberá misas rezadas dende as 08.00 ata as 11.00 a cada hora e ás 12.30 celebrárase unha misa cantada pola Banda de Música de Celanova -que posteriormente ofrecerá un concerto- e o grupo de gaitas Axóuxere. Os actos litúrxicos da xornada rematarán ás 21.00, cunha misa.

O sábado 17 celebrárase a tradicional misa dos Cofrades Difuntos, ás 12.30 horas. Xa polo serán, ás 21.00 haberá misa cantada polo grupo de catequese parroquial de Melide, seguida da procesión coa banda Unión de Lantaño, que despois actuará en solitario.

No capítulo musical, o día 16 actuará a orquestra Ritmo Xoven. As formacións Trocco e América S.L. subirán ó escenario o sábado 17 e o último día das festas será o turno de Copacabana e Suso de Boente.

Eva Moreda gaña o IX certame de creación literaria Terra de Melide



Socorro Cea, Eva Moreda, Manuel Bragado e Conchi Castro

A novelista Eva Moreda Rodríguez gañou o IX certame de creación literaria Terra de Melide pola súa obra ‘A veiga é como un tempo distinto’.

O xurado do premio, composto por Santiago Jaureguizar -autor da obra premiada no certame do 2009-, Mercedes Queixas, Manuel Bragado, Noelia e Xoaquín Vázquez destacou da novela gañadora “a súa literatura moderna, narrada con frescura e cun pulo narrativo merecedor de ser recoñecida como a mellor das 25 obras presentadas ao certame”. Así o explicou o secretario do xurado, Xosé Domingos Fuciños, no acto de entrega do premio á autora.

En palabras do director de Xerais, Manuel Bragado, a obra distinguida “actualiza o tema da emigración galega no contexto das mudanzas profundas da Europa dos sesenta, dende o nacemento da música pop, o movemento de liberación da muller, e que, máis tarde, tanto influíron nos cambios profundos da sociedade galega”. Asimesmo, destacou o “peso decisivo do valor das emocións” en todo o relato.

A obra será publicada pola editorial Xerais e a autora recibirá unha dotación de 6.000 euros por parte do Concello de Melide. O director da editorial agarda que sexa “un libro de referencia”, que os lectores poderán gozar cara a finais do presente ano.

‘A veiga é como un tempo distinto’ relata a historia dun

matrimonio de emigrantes da Veiga, Elisa e Gelo, que comezan a construír unha nova vida en Londres, aló polas décadas dos 60 e 70. Unha historia que se conta “cunha visión innovadora”, segundo salientaron os membros do xurado.

A autora

Eva Moreda, que naceu hai 29 anos en Vegadeo (Asturias), pero trasladouse con só tres a Ribadeo, debutou na literatura galega en 1997 tras obter o Premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís coa novela de tema artúrico ‘Breogán de Guisamonde, o cabaleiro da gaivota’. Desde entón ten publicado outras cinco novelas.

A narradora amosou a súa ledicia por ser a segunda muller en gañar o certame Terra de Melide e recordou que a primeira vez que tivo contacto con este premio foi na súa segunda edición, como xurado, cando gañou o premio outra novelista.

Moreda explicou que o título da novela fai referencia á súa localidade natal -Vegadeo- que noutra época era coñecida como A Veiga do Eo. En alusión ás raigames que unen as terras galegas coas asturianas, a escritora destacou a “importante comunidade galegofalante que vive entre o Eo eo Navia, unhas corenta mil persoas que non teñen a sorte de contar cos marcos de normalización que temos en Galicia e que, aínda así, conservan e empregan o galego”.

ESPECIAL XACOBEO 2010

Máis de 8.800 peregrinos pararon no albergue de Melide este ano

As pernoctacións de xuño duplican as de maio



Os peregrinos a cabalo son a minoría no Camiño, onde predominan os que van a pé ou en bici

Chegou o mes de Santiago. Rebasado o ecuador do Xacobeo 2010, o balance destes seis meses arroxa datos positivos nas terras melidenses á vista das cifras oficiais de pernoctacións do albergue de Melide.

Segundo os datos oficiais do Xacobeo, no que vai de ano, máis de 8.800 peregrinos durmiron nas instalacións provisionais habilitadas no Pazo de Congresos debido ás reformas do albergue municipal.

O mes de xuño foi o de máis afluencia, con 3.050 peregrinos, o que supón un 11,5% máis que no mes de maio,

cando utilizaron o albergue unhas 2.730 persoas.

Dende xaneiro, cando só houbo 124 pernoctacións, as cifras foron aumentando. A diferenza máis notable foi do mes de febreiro, con 196 pernoctacións, a marzo cando se rexistraron 1.015.

Non obstante, a cifra de camiñantes que pasaron noite en Melide ó longo destes seis meses é superior, ó non contabilizarse os que optan por durmir en pensións ou hoteis privados.

Prevese que no me de xullo -coa conmemoración do día do

Apóstolo- se batan novas marcas.

O rei dos Camiños

O francés segue a ser o Camiño polo que chegan á comarca a maioría de peregrinos, arredor do 75%. Agárdase que no verán medre o número de camiñantes que se decanten polo Camiño do Norte ou polo Primitivo debido á masificación da ruta máis coñecida.

Máis do 80% dos peregrinos fan o Camiño a pé, o 16% vai en bicicleta e só o 0,5% o fai a cabalo.

O albergue segue pechado un mes despois da data oficial de remate das obras

Os peregrinos que pernoctan Melide aínda non puideron estreitar as instalacións do renovado albergue. Un mes despois da data prevista polo Xacobeo para o remate das obras -finais de maio-, os traballos aínda non concluíron. A falta de mobiliario -camas, cadeiras e mesas- impide a reapertura da instalación.

Dende o goberno local amosaron a súa disconformidade coa actuación do Xacobeo, xa que “non nos dan dito unha data concreta para a reapertura”. En plena tempada alta de afluencia de camiñantes temen que a demora poida

prolongarse máis, avanzado o período estival.

Actualmente, os peregrinos durmen nas instalacións que foron habilitadas no Pazo de Exposicións e Congresos, onde o Concello habilitou máis espazo debido ó aumento das pernoctacións. Arredor de medio cento de persoas durmen cada día fóra das prazas provisionais.

É unha situación que tamén preocupa ós veciños, xa que aseguran que moitos peregrinos deciden continuar ata o seguinte albergue ó coñecer que o da vila está instalado de xeito provisional.

Os alumnos do centro ocupacional melidense xa teñen a súa Compostela

Coma tantos outros galegos, os alumnos do Centro Ocupacional de Melide non quixeron quedar sen a súa Compostela neste Ano Santo. Percorreron os 100 quilómetros esixidos para recibir a acreditación por etapas, dende o mes de maio. Acompañados pola coidadora e a concelleira de Benestar, Casé Rodríguez, realizaron tres etapas por semana. Na última etapa, o 22 de xuño, os

peregrinos do Centro Ocupacional pernoctaron no albergue do Monte do Gozo, para despois asistir á Misa do Peregrino, na que tamén estiveron acompañados pola alcaldesa melidense, Socorro Cea.

Dende a concellería de Benestar destacaron a experiencia como “moi enriquecedora, tanto polo exercicio físico das etapas como polos momentos compartidos no Camiño”.

CAL É O TEU RECUNCHO FAVORITO DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO NA COMARCA?

Envíanos unha foto e un comentario a

info@asetem.com

Un recuncho do Camiño na comarca



A imaxe representa a relación dos pobos polos que atravesan os Camiños de Santiago cos peregrinos. Uns chegan e outros marchan. E a maioría admira o contorno, nun tempo que tamén adica á necesaria reflexión. Fotografía de R.S.R. Igrexa de Furelos, Melide.

A riqueza dos Camiños a Compostela

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo



É inevitable no ano no que estamos, e o día a día desta comarca así o manifesta, non dedicarlle unhas verbas a iso que se veu denominando no transcorrer dos anos Camiños de Santiago. Numerosos estudos dos camiños que chegan a Compostela teñen manifestado as mudanzas que se veñen experimentando ao longo dos anos nos significados da peregrinación. Unha das denominacións que nos últimos tempos permite entender a importancia dos camiños é referirse a eles como patrimonio e, así, englobar os distintos significados que as persoas outorgan á súa peregrinación. Que se entende cando se di que os camiños forman parte do noso patrimonio? A referencia será á adxectivación do patrimonio como material, inmaterial, histórico, natural ou ao cultural en xeral? Tratarei entón de achegar algunhas reflexións de índole persoal co fin de xerar maior confusión sobre a denominación dos camiños como patrimonio.

Na sociedade occidental cando algo é referido ou definido como patrimonio emerxe a idea de que corre o risco de desaparición e por este motivo hai que patrimonializalo co obxectivo de coidalo, protexelo, que se atope amparado por unha lexislación, etc. A idea de patrimonio refire tamén á inmutabilidade das

manifestacións culturais simbolizadas en obxectos, monumentos ou ben materiais en xeral e, por este motivo entre outros que aquí non teño espazo para dirimir, tendemos a pensar a cultura en termos estáticos e temos dificultades para recoñecer as mudanzas, o cambio constante e o tecido de formas novas e insospeitadas.

Os camiños a Compostela eran vellas vías de comunicación que foi preciso, como ocorre sempre nos procesos de patrimonialización, pór en valor, actualalos co fin de construílos como patrimonio. A activación levouse a cabo na selección do pasado sobre intereses do presente e moitos espazos dos camiños se “musealizaron” e aproveitáronse distintos elementos para xerar novas propostas, principalmente mediante a acumulación de obxectos que foron expostos totalmente deslocalizados da súa produción, uso, fin... Na miña opinión o ben material xeral que supoñen as vellas vías de comunicación adquiren valor, alén do que nelas poidamos atopar, porque son as persoas as protagonistas e, permítanme a expresión, non porque sexan unha importante entrada de “fonte de divisas”, senón porque a vella función instrumental do camiño como algo “material” que tiña valor en si mesmo deu paso a unha función comunicativa que resalta

o valor da interacción entre as persoas e cos medios natural, social e cultural. Asistimos así a un cambio de valoración, xa que, de ser o ben obxecto o único e exclusivamente importante, nos atopamos con que o realmente importante son as persoas, as súas producións, a súa utilización dos obxectos... É dicir, un novo escenario na activación e interpretación do patrimonio cultural.

Desta maneira podemos superar as vellas e reducionistas perspectivas monumentalistas do patrimonio e prestar maior atención ás persoas como protagonistas, aos peregrinos como consumidores xa non de monumentos, senón doutros bens culturais como as identidades (mercantilizadas?), a comunicación, o compartir tempos e espazos entre persoas de culturas diferentes, a hospitalidade e un longo etcétera.

Permítanme entón rematar dicindo que estas ideas así expostas permiten construír un patrimonio cultural entorno aos camiños que continuamente se atopa flutuando entre a continuidade e o cambio co fin de que cada experiencia de peregrinación sexa diferente, irrepetible, se atopan nelas marcos de significado que xeran novas significacións que atinxen tanto aos visitantes como aos “indíxenas”; talvez aí resida unha boa parte do seu éxito.

A gripe do ano 1918 no Concello de Melide

Xosé Domingos Fuciños Gómez



Enterro en Melide, pola rúa de San Pedro

A gran pandemia de gripe (VIRUS A-subtipo HINI) do ano 1918 (en plena I Guerra Mundial), coñecida tamén como a “Gripe Española” -aínda que onde aparece en realidade foi no condado de Kansas, en Estados Unidos-, matou en todo o mundo entre 50 e 100 millóns de persoas.

No Concello de Melide, entre o 26 de setembro até o 31 de decembro do ano 1918 morreron 425 persoas, dos que 362 eran das parroquias e 63 da vila de Melide.

Temos que ter en conta que daquelas non había a infraestrutura viaria que hai hoxe, non había pistas ás parroquias nin aldeas. Desas 425 persoas, 214 foron nenos e nenas que tiñan entre días e 10 anos, e o resto xente nova menores dos 40 anos.

Tamén hai que salientar que non había médicos coma hoxe, nin centros de saúde, nin analíticas, nin tampouco moita hixiene, etc., o que propiciou o contaxio e a morte case que inmediata. Os médicos (2) tiñan que ir en besta ou a cabalo e cando chegaban xa non había remedio.

Na vila de Melide houbo menos porque os médicos estaban a carón. Dicir tamén que a min me morreu un tío, José da Casa de Bastián.

As parroquias máis afectadas foron: Furelos, Gondollín, Os Ánxeles e San Cosme.

Nos certificados de defunción, os médicos chamábanlle á gripe indistintamente: Febre Grippal, Grippe, Neumonía Grippal, Bronquite Grippal, Meninxite Grippal, aínda que en realidade era a mesma gripe (pandemia).

Outras enfermidades da época eran: Tuberculose, Viruela, Meninxite, Cancro Estómago, Pulmonía, Difteria, Apoplexia, Apendicite, Enterite, entre outras.

Un dos médicos era D. Benigno Vaamonde, sendo alcalde D. Solitario Gontán, e concelleiros entre outros Amador Rodríguez Rodríguez, Inocencio Fuciños Quintás, Telmo Roca e Ramón Ferreiro.

Neste período había moitas mortes e enterros, era común que foran acompañados da Banda de Melide e se eran anxiños ían acompañados dun gaitero, caixa e bombo. Cando morría alguén nunha casa, queimaban a roupa do defunto, o colchón, etc.

Por último agradecer a todos os/as funcionarios/as do Xulgado de Paz de Melide pola súa facilitación ao recoller os datos para poder elaborar este pequeno artigo.

Predicar co exemplo

David Barrio Sesto,
sindicalista de UGT

É certo que cando chegan os momentos difíciles, revísase todo. Se botamos un vistazo ó noso arredor, incluso na nosa casa, vemos como a xente vai desfacéndose dos gastos innecesarios, eses caprichos que moitas veces nos dabamos sen apreciarlos moito e sen darlles demasiada importancia. Ese gastar (malgastar) sen unha necesidade previa aparente.

Tamén eramos alleos ós cartos que gastaban as administracións e como se invertían, e o que cobraban os nosos representantes e a cargo de qué. Daba igual. Cando a auga é moita bótase por fóra da tosta e ninguén a aproveita.

Xusto foi a chegada do batcazo económico e a situación de crise xenarilizada o que nos volveu máis sensibles cos cartos de todos. E é xusto agora cando cuestionamos en qué gastamos os cartos e os soldos dos nosos políticos.

Facemos contas e preguntas. Cómo un político por ser elixido alcalde ou concelleiro con dedicación se pode poñer o triple de soldo do que cobraba na súa profesión? Ademais, en función de que? Traballa máis horas? Tivo que facer algún curso de especialización para exercer a política? Tivo que marchar para outro país e abandonar a familia? Incluso se fora así, teñen dietas triplicadas con respecto ó resto dos mortais.

Dito esto, eu non cuestiono que os políticos deban estar

ben retribuídos, incluso opino que debe ser así, pois se non tuveran cubertas as súas necesidades económicas poderían ser máis subceptibles a determinadas maniobras. Pero outra cosa moi distinta é que se autoimpoñan salarios de altos executivos que tiveron que pasar cantidade de probas e sobre todo demostraron a súa capacidade de xestión mediante probas durísimas e memorias de obxetivos.

Na política deste país un político no ten que xustificar absolutamente nada, incluso ante calquera negligencia administrativa tampouco é responsable, sempre pagaría a administración. Non están suxeitos a responsabilidade civil (excepto nos casos de presunta prevaricación) á que está sometido calquera profesional liberal.

Así podemos ver como se apresuraron a aplicar a redución de salarios ós seus funcionarios mentres a día de hoxe descoñecemos que tipo de recorte se fixeron nos seus salarios a alcaldesa deste pobo o tenente de alcaldesa e as outras dúas concelleiras con salario a cargo do Concello.

Hai un dito moi vello que di que hay que predicar co exemplo e estes que presumiron tanto de ética e outras cousas demostran con feitos que non melloran os máis peores. Do que presumen é do que andan faltos e do que acusan é do que andan sobrados.

A troita. Variedades I

Xavier Pazo Blanco, presidente
da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

A pesca da troita, pérdese na noite dos tempos. É un peixe vertebrado na idiosincrasia galega. Misterio e confusión, concita paixóns. É un peixe moi misterioso, un "bala perdido" nalgúns ocasións. É a Raíña do Río. ¿Sabedes por qué a troita gusta moito? As sensacións que produce a súa captura son únicas. Ten unha picada poderosa, loita ben e tamén é algo misteriosa, e busca sempre liberarse en pedras, correntes e ramas. Cando salta fóra do río é espectacular, retórcese con ímpetu, enerxía e rabia todo xunto. Por iso temos algúns humanos a "Troitamania".

De todas as especies de troitas que existen, probablemente a troita común (*Salmo trutta*) e a troita arco iris (*Salmo gairdneri*) sexan as máis coñecidas.

En canto á forma, a troita común ten o corpo alongado. A articulación da aleta caudal é ancha e os radios, tanto superiores como inferiores, parecen formar parte da liña do corpo. A cola é grosa e normalmente de forma cadrada, aínda que os máis novos teñen ocasionalmente a cola en liña cóncava, forma que desaparecerá cando cheguen á madurez.

A cor da troita común varía considerablemente dun lugar a outro. En pequenos regatos é de cor pardusco con manchas negras e vermellas por todo o corpo. As que viven en augas ricas en calcio presentan unha cor máis brillante, o seu dorso é dun tono dourado e os laterais son amarelentos.

A troita común que vive en grandes lagos e presas tamén é diferente; normalmente o seu corpo é de cor prateada e

presenta moi poucas manchas. A única excepción é a gran troita común que vive nas profundidades das lagoas e practica o canibalismo. Esta troita xigante é de cor dourada oscura e as manchas son moi pronunciadas.

Se non se vive de cerca o ritual da súa pesca ou non se coñece, non se sabe o grao de paixón que ten. A freza da troita ten lugar entre novembro e febreiro, cunha media de 2.000 ovos por quilo de peso.

No inverno, os ovos da troita común son depositadas en ocos feitos polas femias e fecundados polos machos. Os ovos eclosionan entre 6 e 8 semanas; as troitiñas nadas permanecen no burato durante outras 4 ou 6 semanas (consumindo o saco vitalicio), e cando salen xa empezan a comer.

Como tódalas troitas, as de río aliméntanse de insectos e

crustáceos, pero a medida que van medrando vaise volviendo máis depredadora e acaba por alimentarse só de peixes; o canibalismo é moi común entre as troitas. En circunstancias moi favorables a troita común pode chegar a acadar un peso de 13 quilos.

A troita marisca (ou reo), é unha forma migratoria da troita común; deixa o río onde naceu para pasar a maior parte da súa vida no mar, pero retorna ó río na época de freza. A troita marisca normalmente medra máis rápido que a do río e cando se atopa en augas doces (río) adopta unha aparencia claramente plateada.

A troita común, orixinariamente europea, foi introducida nas augas norteamericanas no 1883; o ano seguinte foi o inicio da introdución da troita arco iris en Europa e noutras augas do mundo.



**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios cunha
memoria USB e un
anuncio gratis no Cerne**

Infórmate no 981506188

**Quere recibir o Cerne
tódolos meses na súa casa?**

Suscríbese!

**981506188
info@asetem.com**

FÉ DE ERRATAS

No número 53 de Cerne, de Xuño de 2010, na sección 'As nosas paisaxes', onde figura que a Pena da Moura pertence ó concello de Toques, debería dicir ó concello de Sobrado.

AVISOS E ACTOS - XULLO

-venres 9: charla informativa sobre a situación económica do Concello. No Edificio Multiusos, ás 21.30.

-sábado 10: concerto de Renato Spencer & Café Caça. Ás 23.00 horas na praza do Convento de Melide. Entrada gratuíta.

-domingo 11: San Cristóbal. 10.30: pasarrúas; 13.00: misa na explanada da feira; 15.00: comida na praia fluvial de Furelos; 20.00: verbena coa charanga Os Amigos de Visantoña e a Orquestra Marca.

-xoves 15 de xullo: descuberta da placa adicada a Rosalía de Castro no Parque do Multiusos. Horario por confirmar.

-venres 16: día da Virxe do Carme. Festa local en Melide. Consultar misas e actuacións na páx. 17

-sábado 24: Día do Socio da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’. Xantar e couto gratis, na praia de Furelos a partir das 14.30. Anotarse no 696607348

-domingo 25: Día de Galicia.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide:12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		SERVIZOS E INSTITUCIÓNS			
UrxenciasSanitarias	061	Atención ao cidadán	981120012	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
Bombeiros	080	Valedor do pobo	981571900	I.E.S. de Melide	981505162
Incendios Forestais	085	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº1	981505238
Policía Municipal		Industria e Comercio	981544341	C.E.I.P nº2	981505929
Urxencias	092	Sevizo Galego Colocación	981125000	Gardería	981505003
Melide	981505003	Teléfono da Muller	900400273	U.A.F. de Melide	981507742
Policía Nacional	091	Teléfono do Menor	900444222		
Garda Civil		Dirección Xeral de Tráfico	900125505	SANTISO	
Urxencias	062	Correos	902197197	Casa do Concello	981818501
Melide	981505007	Auga	981242322	Centro de Saúde	
S.O.S		Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S Galicia	112	Gas.	900760760	Visantoña	981510749
Protec.Civil.	670498848			Xulgado de Paz	981 818501
TRANSPORTES		MELIDE			
RENFE		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176	Casa do Concello	981787508
Santiago	981596050	Servizos Sociais	981505012	Desenvolvemento local	981787508
Autobuses		Consevatorio	981507100	Centro de Saúde	981787744
A Coruña	981239099	Polideportivo	981507752	Mosteiro de Sobrado	981787509
Santiago	981542416	Centro Social da 3ª Idade	981505706	Xulgado de Paz	981787508
Aeroportos		Parada de Taxis	981505390		
A Coruña.	981187200	Oficina de emprego	981505204	TOQUES	
Santiago	981547500	Albergue Xuvenil	981507412	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	Albergue do Peregrino	660396822	Centro de Saúde	981507301
		Centro Ocupacional	981505003	Xulgado de Paz	981505826

MANUEL PÉREZ PÉREZ, DISTRIBUCIÓN O CARRIZO

“A mellor garantía é que o produto que vendo próbano antes os meus clientes”

Detrás do afán por innovar e avanzar profesionalmente agóchase o novo negocio de Manuel Pérez e Celia Casares, que rexentan dende hai moitos anos a Pulpería Alongos II en Melide, fundada por Manuel Casares e Benilde Mozo. Complementáno coa distribución de produtos cárnicos, tanto

frescos coma embutidos. O lema de Distribucións O Carrizo é ofertar calidade recoñecida e un bo servizo. Apela á seriedade e ó respecto á clientela e denuncia a competencia desleal, coa entrada de carne sen certificar. “Moita xente prefire comprar máis barato á costa de ter menos calidade”.

-Despois de moitos anos traballando na hostelería decidiu comezar cunha actividade paralela

-Hai dous anos que decidín introducirme na distribución de produtos cárnicos. Adícome a isto no tempo libre que me deixa o negocio da hostelería. É un traballo complementario, que compaxino co do bar.

-O feito de ter un restaurante influíu para crear este novo negocio?

-Gústame involucrarme no que fago. Cando só tiña o restaurante visitaba moitas feiras especializadas en alimentación. Quixen buscar algo paralelo para o tempo libre e para seguir avanzando e innovando.

-Supón unha vantaxe que os dous negocios estean relacionados?

-Si. Ter o bar é un bo complemento á hora de saber o que vendo. Sempre proba os produtos cos meus clientes. Se dan bos resultados e teñen boa aceptación lánzome coa distribución. É a mellor garantía.

-Ten un coñecemento completo do sector

-Traballo como comprador e vendedor para a mesma actividade, e iso é un punto a favor. Sei o que hai e o que pide cada unha das partes. Ter un bar tamén me abriu as portas na distribución.

-Con que tipo de produtos traballa?

-Levo ternera gallega, coa certificación de calidade e suprema; carne de boi e de cordeiro castelán. Dende hai algo máis de tres meses comecei a traballar os embutidos -chourizos, lomos, salchichóns...- e nas próximas datas



Manuel Pérez cunha mostra de produtos cárnicos dos que distribúe

vou comezar cos produtos ibéricos.

-Tamén leva carnes ecolóxicas

-Traballo cunha explotación ecolóxica de Santa Comba que cría vacas cachenas. Por agora coñécese pouco esta carne, pero é de moi boa calidade.

-Vende os produtos frescos por encarga

-Toda a carne é por encarga. Non me arrisco a comprala e levala nos percorridos xa que se altera o seu estado de conservación.

-Hai moita variedade na procedencia das carnes e embutidos?

-A ternera é toda de Galicia e varios tipos de embutidos, que traio da Serra da Enciña da

Lastra, en Valdeorras. O cordeiro cómprou directamente en Segovia e a carne de boi é importada de Holanda. Os ibéricos veñen de Badajoz.

-Aposta por produtos de calidade recoñecida

-Quero produtos de calidade contrastada, aínda que agora mesmo hai moita xente que prefire comprar máis barato aínda á costa de ter menos calidade. Máis alá do produto tamén hai que dar bo servizo.

-A crise está a propiciar a entrada de carnes sen selo de calidade que se venden como galegas

-Agora mesmo está entrando moita carne de Cataluña e Castilla que se presenta como produto certificado sen selo. É unha competencia desleal.

Pero hai restaurantes, incluso de calidade media-alta, que a mercan para aforrar custos.

-Hai moita competencia nos prezos?

-Mídese o céntimo. Eu intento comprar directamente ó produtor para ser máis competitivo no mercado.

-Abarca toda a zona de Santiago e a de Lugo

-Visito parrilladas e xamoneiras nun radio de 70 ou 80 quilómetros arredor de Melide. Chego ata Padrón, Vilagarcía, Santa Comba ou Sigüeiro e toda a zona de Lugo.

-É importante ter diversidade de referencias?

-Sempre é bo ter variedade, porque nos sitios nos que non

“Intento mercar directamente ó produtor para ser máis competitivo no mercado”

“A carne roxa é un produto selecto, pero aínda existen algúns prexuizos sobre ela”

se pode entrar vendendo carne poden precisar embutidos.

-A carne vermella véndese cada vez máis

-É o meu forte. O que máis levamos é chuletón e entrecot. É un produto selecto, que están tendo moi boa saída nos últimos anos.

-Para próximas datas ten programada unha actividade novidosa na zona

-Farei o primeiro concurso de cortadores de xamón de Melide. Será o xoves, día 29 de xullo, na Pulpería Alongos. Organízoo en colaboración coa Asociación de Maestros Cortadores de Xamón de Galicia. Virán catro cortadores profesionais e haberá xurado. Espero que teña continuidade no tempo.

San Xoán de Furelos



É unha das imaxes máis reproducidas de Melide. A ponte medieval de Furelos, simbólica porta da entrada á localidade, forma parte da memoria histórica de tódolos veciños da comarca e de moitos dos visitantes que a

atravesan día tras día. Pero os encantos de San Xoán de Furelos non só se reducen á famosa ponte. Todo aquel que entra na aldea parece trasladarse a un momento pasado, no que manda a tranquilidade.

Hoxe en día aínda é posible ver lavar a roupa no río a algunha veciña e ás vacas da aldea refrescarse na auga do río. A igrexa parroquial, que garda vestixios dos templos que alí se construíron arredor do século

XIII, é parada obrigada para os peregrinos. O Camiño é omnipresente, máxime en ano Xacobeo. Cunchas e frechas marelas forman parte dende hai moitos anos da rica arquitectura civil da aldea.

1. Vista xeral da ponte medieval de Furelos
2. Punto quilométrico do Camiño de Santiago, que indica a distancia que resta á cidade.
3. Vista da igrexa parroquial.

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino López Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTERAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq. Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTE- RÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46, Melide
981505418
Carpintería José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Área de Servicio O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505104

Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa Alongos
Avda. de Lugo, 22
981506392
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Esquina Rosaleda
981506142
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas Hnos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7. O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribuciones Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino López Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Establ. El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Serv. Corredoiras
Corredoiras, 14, Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453

Frutas Gallego e Hijos
Laberco, S/N, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal Mariño
Eduardo Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino López Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981506434
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981505997
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto, 4-3º
981505688
Leiva Motorsport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Rosaleda, 6 baixo
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña, 62
981505564
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46, Melide
981505734
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366

Novavisión Óptica Arca
Avda. de Santiago, 42, Arca do Pino
649836742
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
**Panadería-Pastele-
ría Toques**
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra, 105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra, 45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra, 48
981507174
**Sociedad Coopera-
tiva Melisanto**
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros Industriales Cire
Pol. Ind. A Madanela, parc. 22
981507954
Supermercado Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Ultramarinos Juan José
Mateo Segade Bugueiro, 39
981505103
Veterinaria Mónica Blanco
Mateo Segade Bugueiro, 11
629507958

Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda, 12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque, 14
981505793

CONSTRU- CIÓN

C.S.A.
Rúa do Convento, 15-1º Izq.
981507374
Cervisa Sistemas Metálicos
Pol. Ind. A Madanela, 981507176
Const. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez Cordido
Dr. Flemin, 1
981506051
Const. Orois
Codeseira, Melide
981507374
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda. de Pontevedra, 51
1º Izq.
981507089
Excavaciones Paradela
Ribeiro, s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Hormigones Carral
Sta. María de Veira, As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela, Parcela 30
981173616
Marmolería La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Rivadulla, Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782

Química Industrial Proquintas
Madanela
981505300
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

AVOGADOS

Mª Jesús Iglesias Sánchez
Rda. da Coruña, 29-1º Dcha.
981507608

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra, 18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque, 17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra, 95
981507537
Espect. Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Lugar de Eidián, 5
Agolada
986682545
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque, 46
981505291

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón
Fdez. Castro, e
981505482

MEDIOS DE COMUNI- CACIÓN

Dez TV
C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra, 10
981815432
Fisio- Vida
Florentino López Cuevillas, 16
981507047
Happy O Local
Rda. Pontevedra, 44
669479252
Inmobiliaria Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Rural Tec
Florentino López Cuevillas, 16-3º
981507245
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA- BORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPOR- TES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Camp, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela, parcela 79
981515818